

ORDENANZA Nº 10

PROXECTO ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZOS DE ACOMPAÑAMENTO Á “RUTA DOS MUIÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN (PR – G 94)”, Á “RUTA SENDEIRO DE PESCADORES RIO MIÑO–TAMUXE (PR – G 112)”, E Á “RUTA DA SERRA DO PIJORRO”

ARTIGO 1º.- DISPOSICIÓN XERAL

En aplicación dos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, 106.1 da Lei 7/85 de 2 de Abril Reguladora das Bases do Réxime Local, 41 a 48 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de acompañamento á ruta “Muiños do Folón e do Picón”, á ruta “Sendeiro de Pescadores Río Miño-Tamuxe”, e á ruta da “Serra do Pijorro”, sitas no municipio do Rosal.

ARTIGO 2º.- OBXECTO DO PREZO PÚBLICO

1.- Será obxecto deste prezo público, a prestación dos servizos de acompañamento, polo persoal autorizado do Concello, á ruta dos Muiños do Folón e do Picón, e/ou á ruta do Sendeiro de Pescadores Río Miño-Tamuxe, e/ou á ruta da Serra do Pijorro.

2.- O servizo de acompañamento á ruta dos Muiños do Folón e do Picón, comprende a realización da ruta sendeirista PR-G 94, de 3,5 km de percorrido, homologada pola Federación Galega de Montañismo, a explicación e descrición da historia dos Muiños, así como a práctica nun deles, dunha demostración do funcionamento dos mesmos.

3.- O servizo de acompañamento á ruta do Sendeiro de Pescadores Río Miño-Tamuxe, comprende a realización da ruta sendeirista PR-G 112, de 7,2 km de percorrido, homologada pola Federación Galega de Montañismo, así como a descrición e explicación da fauna, flora, e historia das diferentes parroquias que atravesas.

4.- O servizo de acompañamento á ruta da Serra do Pijorro, comprende a realización dunha ruta dende a Capela de Santa Ana ata a Serra do Pijorro, a visita do muiño e serra, a explicación da historia destes enxeños hidráulicos así como as diferencias e semellanzas cos demais muiños do Concello, e a realización dunha demostración do seu funcionamento.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGO

Serán obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas solicitantes de cada un dos servizos mencionados no artigo 2 da presente ordenanza.

ARTIGO 4º.- CONTÍA

1.- A contía que corresponde aboar pola prestación do servizo a que se refire a presente Ordenanza ascende a:

- 2,00 euros por persoa no caso da realización do servizo de acompañamento á ruta dos Muíños do Folón e do Picón.
- 2,00 euros por persoa no caso da realización do servizo de acompañamento á ruta do Sendeiro de Pescadores Río Miño-Tamuxe.
- 1,00 euros por persoa no caso da realización do servizo de acompañamento á ruta da Serra do Pijorro.

2.- No suposto en que resulte necesaria a modificación ou actualización da contía establecida no parágrafo anterior, délegase na Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 23.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o establecemento da contía, a proposta do Servizo correspondente co previo Informe de Intervención Municipal.

ARTIGO 5º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Soamente se prestará o servizo recollido na presente Ordenanza cando o número de persoas integrantes do grupo sexa igual ou superior a 15.

2.- As persoas físicas ou xurídicas interesadas en obter os servizos recollidos no artigo 2 da presente Ordenanza deberán presentar a correspondente solicitude no modelo normalizado facilitado polo Concello do Rosal.

3.- A presentación de solicitudes poderá efectuarse ben no Rexistro Xeral do Concello, nas oficinas de turismo do mesmo, ou ben mediante telefax ou correo electrónico.

4.- Recibida a solicitude practícase no Rexistro Xeral do Concello o correspondente asento no que conste o número, a data de entrada da solicitude, e a identificación do interesado, comunicándolle aos solicitantes no prazo de 5 días dende a recepción, a dispoñibilidade da data elixida así como o importe total a que ascende o servizo a prestar.

5.- En caso de coincidencia de datas entre varios solicitantes do servizo, a realización do mesmo realizarase por rigoroso orde de rexistro de entrada da solicitude no Concello.

ARTIGO 6º.- NORMAS DE INGRESO E RECADACIÓN

1.- A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo, se ben de conformidade co disposto no artigo 46.1 do TRLHL, esíxese o previo depósito da cantidade, debéndose ingresar o importe no prazo de 5 días naturais, dende a comunicación da aceptación do Concello para a prestación do servizo.

2.- O ingreso da cantidade a que ascende o prezo público deberá efectuarse en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten contas abertas.

3.- Se no prazo establecido no apartado 1, non se efectúa o ingreso do importe do prezo público, entenderase que o solicitante renuncia á solicitude do servizo presentada no seu día.

4.- No suposto de que, por causas alleas aos solicitantes, se deixase de realizar o servizo solicitado, os interesados poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas en concepto de prezo público.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O Rosal, a 9 de xullo de 2009

A interventora,

Ana Llorca Maneiro